



Exmo. Concello de Betanzos

Praza Galicia nº 1
Betanzos (A Coruña)
Tlf: 981 77 00 11
www.betanzos.gal

Conservatorio municipal de música

Carlos López García-Picos

Rúa Cabildos nº3 Betanzos (A Coruña)
Tlf: 981 77 36 96 – Fax: 981 77 53 43
conservatorio@betanzos.net



Prezadas familias:

Poñémonos en contacto desde o centro para desexar, en primeiro lugar, que esteades o mellor posible tanto vós como as vosas persoas máis próximas ante a situación que estamos a atravesar. Non puidemos facelo previamente por motivos de mobilidade relacionados coa legalidade e a base de datos do centro.

Queremos achegarvos as novidades que xorden con motivo da situación excepcional que estamos a vivir e que nos obrigan a realizar diversos cambios con respecto ao funcionamento do centro que a continuación imos detallar:

- A previsión para o presente curso 2019/2020, case con total seguridade, é que NON se poderán realizar novamente clases presenciais. En todo caso, ante calquera cambio nesta situación volveriamonos a pór en contacto novamente. O claustro do profesorado estaría disposto a ampliar o período lectivo para ofrecer algunha clase “extra” se as condicións sanitarias o permitisen.
- As probas de acceso, tanto ao primeiro curso como a calquera dos diferentes cursos do grao elemental realizaranse en setembro. A principios dese mesmo mes informaremos da data exacta. Como saben esta proba só é para alumnado NON matriculado en cursos anteriores no centro.
- As dependencias municipais do Concello de Betanzos, incluído o Conservatorio, permanecerán pechadas ata novo aviso, co cal solucionamos todas as consultas por vía telefónica ou no enderezo electrónico que está na cabeceira deste documento.
- Ata o momento da volta á normalidade nas aulas, seguiremos mantendo a comunicación mediante as medidas telemáticas que cada profesor/a crea conveniente.
- É obvio dicirlles que as cotas do terceiro trimestre non se cobrarán.
- Así mesmo, poden descargar o impreso de matrícula e instrucións para cubri-lo para o curso 2020/2021, xa que houbo tamén mudanzas neste sentido.
- O horario das materias comúns e obrigatorias previsto para o curso 2020/2021 será o seguinte:

LINGUAXE MUSICAL	EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL
1.º luns e mércores (18:00 h - 19:00 h)	Venres (18:00 h – 19:00 h) (un só grupo)
2.º martes e xoves (18:00 h - 19:00 h)	
3.º luns e mércores (19:00 h -20:00 h)	
4.º martes e xoves (19:00 h-20:00 h)	